

Nome:

Curso:

COLOCACIÓN DO PRONOME PERSOAL ÁTONO

		CD	CI
SINGULAR	1ª	ME	
	2ª	TE	CHE
	3ª	O, A	LLE
PLURAL	1ª	NOS	
	2ª	VOS	
	3ª	OS, AS	LLES

Cadro dos pronomes persoais átonos

	o	a	os	as
me	mo	ma	mos	mas
che	cho	cha	chos	chas
lle	llo	lla	llos	llas
nos	nolo	nola	noslos	noslas
vos	volos	vola	voslos	voslas
lles	llelos	llelas	lleslos	lleslas

Cadro das nosíbeis contraccións do pronome

A posición normal do pronome persoal átono en galego é despois do verbo (énclise).

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
Gustou me a película	A película me gustou
Onte vinte pola rúa e presentá che me a Uxía	Onte te vin pola rúa e me presentaches a Uxía

Non obstante, hai determinadas palabras que, situadas antes do verbo, fan que o pronome se coloque diante del (próclise). Trátase dos seguintes casos:

1. Palabras que marcan **subordinación**: **que** (aínda que, sempre que, posto que, dado que, xa que, ...) **se, onde, canto, cando, porque...**:

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
Dixo que te vira onte	Dixo que vírate onte
Se llo regalas, terás un premio	Se regálas llo , terás un premio

2. Os pronomes interrogativos: **que, onde, cando, canto e como** tamén producen a anteposición:

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
Canto lle deches ... ?	Canto décheslle ... ?

3. Os **adverbios e indefinidos de negación** colocados antes do verbo provocan a próclise (**non, nunca, xamais, nin, tampouco...**):

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
Non o vin	Non vino
Xamais nolo contou	Xamais contounolo

4. Tamén hai anteposición nas **oracións desiderativas**, con ou sen **oxalá**:

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
O demo te leve!	O demo lévete!
Mal raio te parta!	Mal raio pártate!

5. Os adverbios de **dúbida** (**quizais, tal vez, seica, disque**):

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
Quizais che pregunte mañá a lección	Quizais pregúnteches mañá a lección
Seica te veu ver teu pai	Seica veute ver teu pai

6. Algúns outros adverbios: **xa, só, ben, tamén, mal, axiña, aínda, máis, menos, velaquí, velaí, enseguida, deseguida, sempre, algures, cedo, igual ('do mesmo xeito'), peor, mellor, tarde**, entre outros:

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
Xa cho dixo aquela rapaza	Xa díxocho aquela rapaza
Só llo contei á miña sogra	Só conteillo á miña sogra
Sempre te estás a meter comigo	Sempre estaste a meter comigo
Aínda cho pedín o outro día	Aínda pedincho o outro día
Máis nos valería marchar	Máis valeríanos marchar
Aquí o tes	Aquí telo

7. Anteposición tamén con algúns indefinidos: **ninguén, nada, ningún, algo, alguén, ambos, bastante, calquera, entrambos, mesmo, todo**. No caso doutros indefinidos, a anteposición, depende do contexto, da énfase ou entoación: **algún, outro, un, os máis, os demais, moi, pouco, tal, tanto, tan**.

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
Ninguén mo dixo	Ninguén díxomo
Nada che debo	Nada déboche

Así e todo, hai tres indefinidos que nunca provocan a anteposición do pronome: **cada, varios e certo**.

8. **Nas perífrases verbais** pode ir a carón do verbo principal despois da conxunción ou preposición (se as hai) ou detrás do infinitivo:

Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
Teño che que dar unha boa noticia Teño que che dar unha boa noticia Teño que dar che unha boa noticia	Che teño que dar unha boa noticia

9. No caso dos **infinitivos**, sempre e cando non sexa ao inicio dunha oración, o pronome pode ir **antes ou despois**:

Pronome ben colocado	Pronome ben colocado	Pronome mal colocado
Non llo dicir é unha loucura. Si que lle podes mercar ese agasallo	Non dicir llo é unha loucura. Si que podes mercar lle ese agasallo.	Llo non dicir é unha loucura. Si que podes lle mercar ese agasallo.

EXERCICIOS DE COLOCACIÓN DO PRONOME PERSOAL ÁTONO

1. Coloca o pronome persoal átono nas seguintes oracións:

- Ninguéndixo.....nada do asunto e sempre.....preguntas.....a nós. (che, nos)
-deixei o libro na habitación porque.....necesita. para facer un traballo. (lle, o)
-contou.....unha historia que non é certa, pero xadixemosque non fixeras moito caso. (che, che, lle)
- Nondeu.....o diñeiro porque nontiña. (nos, o)
- Quenenviaríaesta carta? Non sei quenfixo (me, o)
-deixa por favor o teu lapis, o meu.....quedou.....na casa. (me, me)
- Oxaládeixen.....vir á excursión. (vos)
- Sempre.....di.....o mesmo, mais nunca.....fai..... (me, o)
- Taménmercou.....moitas larpeiradas ás nenas. (lles)
- Quizaisdigan.....que podemos saír antes. (nos)
-dixo.....que.....colleu.....porque.....necesita.....para facer o traballo de Sociais. (me, mo, o)
- Cando remate,vai.....levar..... a Pedro porque el taménnecesita..... (llo, o)

2. Traduce ao galego as seguintes oracións:

- Me dijeron que te llamara para decirte que nos reuniremos mañana por la mañana.

- Siempre me gusta verte reír.

- Nos prestaron varios libros y también nos regalaron muchos cuadernos.

- ¿Me llamaste antes? ¿Quién me llamó antes?

- Ya me llegó el libro que me enviasteis por correo.

- Está muy contento porque le regalaron un perro muy bonito.

- Cuando le llegó el mensaje se quedó muy sorprendido porque le parecía una magnífica noticia.

3. Fai frases correctas cos seguintes elementos. Xustifica a colocación do pronomes:

Nalgúns casos terás que facer as contraccións convenientes.

- Deu / a / me / o / min / para / cho / que / dese / ti / a.

- Non / quixo / cho / dar / e / non / dará / che / ningunha / explicación.

- Preguntou / ante / nos / se /querías / quedar / te.

- Calquera / di / che / nada / cando / enfadas / te / nós / con.

- Darei / lago / che / o / se / non / enfadas / te.

- Díxo / me / que / vaias / te/ para / non / que / te / vexan.

- Ninguén / negar / o / me / pode / e / probarei / o.

- Bastante / aguantei / o / para / aturar / o / tamén / agora.

4. Coloca o pronome persoal átono nas seguintes oracións:

- Se acaso.....pregunta....., dillo. (cho)

- Alguén.....avisou.....de que o prazo remataba. (nos)

- Bastante.....teño.....con aturar os meus problemas. (che)

- Todo.....parece.....perfecto. (me)

- Tal como.....pos....., calquera.....di.....nada do asunto. (te, che)
- Xa.....escribía.....de neno. (lle)
- Axiña.....vou..... (me)
- Mesmo.....dixo..... que era mentira. (me)
- Nunca.....dirixiu..... a palabra. (lles)
- Cando merque os meus tamén.....pregunto.....polos teus. (che)
- Ata.....pareceu.....mentira cando..... dixo..... (me, mo).
- Seica.....raieron.....o coche. (che)
- Só.....falo.....de novela negra porque é a que.....gusta..... (che, me)
- Cedo.....ergues....., non será mellor que durmas algo máis? (te)
- Mal.....vexo.....; por ese camiño vas mal. (te)

5. Corrixe estas oracións recollidas na rede:

-Aos políticos os critica todo o mundo.

-A esta coma aos outros lle convén continuar.

-Lle vou contar a verdade, señoría.

-O fago así desde hai moito tempo.

-Mo levo porque gústame.